

**CFGM DE TÉCNICO EN CUIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA
PROMOCIÓN DA SAÚDE E APOIO PSICOLÓXICO AO PACIENTE**

- 1. Explica como inflúe nua familia nuclear formada por un pai, unha nai e tres fillos (3, 5 e 7 anos) a hospitalización da nai. O pai é a única persoa que ten un traballo remunerado; habitualmente a nai realiza as tarefas do fogar.**
- 2. Por que se produce unha perda de intimidade/privacidade nos pacientes hospitalizados?**
- 3. Cómo inflúe a personalidade dun paciente no seu grao de estrés ante unha intervención cirúrxica?**
- 4. Por que a algúns pacientes se lles chama “malos pacientes”?**
- 5. En base a información que se presenta a continuación, analiza que paciente presentaría o nivel de estrés máis elevado. Razoa a túa resposta:**

a. José ten 48 anos e foi operado de urxencia para solucionar unha estenose coronaria. Sabe que todavía deberá permanecer ingresado algúns días e que cando saia quedaríanlle unhas cantas sesións de rehabilitación. Ademais, o médico xa lle dixo que terá que modificar o seu estilo de vida e deixar de fumar, así como acudir ás revisións puntualmente. El está disposto a seguir as indicacións do médico pero pensa que a situación se lle escapa das mans, sobretudo agora que está divorciado dende fai seis meses e todavía non é capaz de comprender que fixo mal no seu matrimonio.

b. Marta ten 35 anos e practicóuselle unha liposucción. A intervención foi programada polo seu ciruxán estético con anestesia epidural e sabe que deberá permanecer un día hospitalizada. Está solteira e non presenta ningunha outra patoloxía de interese.

c. Pablo ten 24 anos e operáronlle dunha rotura de menisco interno do xeonllo esquerdo. A intervención foi programada polo seu traumatólogo e foi con anestesia rexional. Sabe que deberá realizar rehabilitación durante tres meses para poder volver a xogar ao fútbol, pero non lle preocupa, porque confía plenamente no seu médico.

- 6. Identifica a que tipo de paciente (extrovertido, introvertido, pasivo) se refiren os seguintes casos prácticos. Razoa a túa resposta:**

a) Marcos, de 35 anos, sufriu un accidente de tráfico que lle provocou unha lesión medular, deixándoo nunha cadeira de rodas. No hospital, destaca pola súa actitude positiva e o seu sentido do humor. Encántalle falar cos médicos e enfermeiros, e sempre tenta animar os demais pacientes. Ve a súa nova situación como un reto e inscribiuse nun club de baloncesto en cadeira de rodas para superarse.

TAREFA REPASO 1

b) Ana, de 50 anos, acode á consulta con queixas constantes sobre dores articulares. A pesar de que os médicos lle explicaron que se trata dunha artrite crónica, segue buscando novas opinións porque nunca está satisfeita co diagnóstico ou co tratamento proposto. Sempre pensa no peor e non confía nos profesionais sanitarios. Cambia con frecuencia de médico porque sente que non lle prestan a atención que necesita.

c) Ramón, de 68 anos, foi diagnosticado cun cancro de pulmón en fase inicial. A pesar de que os médicos lle explicaron que ten boas posibilidades de recuperación se segue o tratamento correctamente, el non fai preguntas e acepta todo sen cuestionar. Non avisa dos efectos secundarios que experimenta coa quimioterapia, e a súa familia preocúpase porque parece ter perdido a vontade de loitar pola súa vida.

7. Como inflúe a relación paciente-TCAE na “adherencia terapéutica”?

8. Como inflúe o tipo de enfermidade na “adherencia terapéutica”?

9. Como inflúe o tipo de tratamento na “adherencia terapéutica”?

10. Cales son as principais consecuencias da falta de adherencia terapéutica?

11. Que podes facer ti, como TCAE, para aumentar a adherencia terapéutica? nomea 5 estratexias.